



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 31 de outubro de 2013, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 2.- Aprobación, se procede, da modificación do documento denominado “Rede de camiños públicos de titularidade municipal””

“Por Resolución nº 3.574/13 de 2 de agosto de 2013, deuse conformidade ás modificacións no documento denominado REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, cuxo contido refléxase nas fichas modificadas e no informe xurídico.

Expúxose ao público e audiencia dos interesados por prazo de 10 días anunciándose así no BOP nº 170 de data 06.09.2013, no xornal “La Voz de Galicia” de data 28.08.2013, na WEB Municipal e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen que se presentara alegación ningunha.

Visto informe xurídico emitido o 19.08.13, propónse ao Concello Pleno que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar os escritos presentados por particulares e expediente tramitado de oficio polo Departamento de Obras Públicas, que se relacionan:

Escritos que afectan a incorporación de camiños:

1.- Prolongación de Rúa Laxeiro (escrito nº 7633 de 7-6-2013 presentado por D. Jesús Ricardo Sánchez e outros). Acéptase a cesión do camiño de serventía existente para destinalo a camiño de uso público e incorporalo na rede de camiños públicos de titularidade municipal.

2.- Expediente de investigación tramitado polo Departamento de Obras Públicas en relación a un tramo da Rúa Pedregueiras. Isto supón:

- Declarar como camiño público o tramo de camiño que se describe así:

“Trátase dun ramal orientado cara a parte Este da Rúa Pedregueiras (vial número 296) con edificacións existentes numeradas neste tramo desde o número 14 ao número 28 e nunha lonxitude aproximada de 175 m.l. e sendo seus lindes catastrais no sentido da esquerda as parcelas catastrais seguintes: 0022015, 953, 952, 951, 950 e 984 do polígono 4 e polo lado dereito: as parcelas catastrais números 954, 955, 956 do polígono 4 e a 0022005. O camiño conta cos servizos urbanísticos de auga, sumidoiro, alumeadado, telefonía e pavimentado.”

- Eliminar parte da prolongación de Rúa do Mollón no lugar de Pardiñeiro - Lorbé (Dexo):

“Trátase da eliminación do tramo do vial número 90389 a partir do límite urbano (parcela 6449801) e que non dá acceso a ningunha edificación. Súa lonxitude é aproximadamente de 225 m.l. e sendo seus lindes polo lado esquerdo as parcelas catastrais números: 995, 994, 813, 992, 991, 990, 989, 988, 987, 986 e 985 do polígono 4 e polo lado dereito as parcelas catastrais 938, 939, 940, 942, 943, 944, 945, 949 e 950 do polígono 4.”

Escritos que afectan a exclusión de camiños:

3.- Escrito RE nº 17212 de 27-11-12 (desafectación de vial e enaxenación a favor do titular parcela colindante D. José Rendal Caramés e D^a Rosa M^a Rodríguez Mantiñán). Supón corrixir a ficha da Rede Viaria Municipal correspondente ao viario 201 eliminando o tramo correspondente ao seu trazado polas parcelas catastrais 3997908NH5939N0001SO e 3997916NH5939N0001AO.

4.- Escrito nº 6021 de data 8.0.2013 presentado por D^a María José Uzal, en nome e representación de NUTER FEED S.A.U, anteriormente denominada SAPROGAL S.A.U. que supón a eliminación da Rede Viaria Municipal da ficha nº de orde 956 e código de vía nº 90279 ao tratarse dun camiño privado no interior de finca.



CONCELLO DE
OLEIROS

SEGUNDO.- Aprobar as modificacións no documento denominado REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL que se reflexan nas fichas modificadas e cuxo contido é o seguinte:

- 1.- Ficha nº de orde 169 do código de vía 396 da rúa Laxeiro, localizado no plano nº 39 do PXOM e consistente na bifurcación ao norte de dita vía.
- 2.- Afecta á ficha nº de orde 1007 con código de vía 90389 no núcleo de Pardiñeiro, e consiste nunha bifurcación de rúa Pedregueiras. Consérvase o número de orde e o código de vía, pero substitúese un trazado (o anulado que era prolongación de rúa Mollón) por outro (novo trazado da rúa Pedregueiras).
- 3.- Afecta ficha nº de orde 60 e código de vía 201, eliminando o tramo correspondente ao seu trazado polas parcelas catastrais 3997908NH5939N000150 e 3997916NH5939N0001A0.
- 4.- Eliminación da Rede Viaria Municipal da ficha nº de orde 956 e código de vía nº 90279.
- 5.- Corrección de oficio de erro en ficha nº de orde 519 e código de vía 863 de maneira que onde pon parroquia Dexo e núcleo urbanización A Granxa, debe dicir: "Dorneda" e núcleo Dorneda - O Couto. Substitución de ficha.

TERCEIRO.- Dilixenciar o documento.

CUARTO.- Notificar aos afectados Dª María José Uzal, en nome e representación de NUTER FEED S.A.U.; Don Jesús Ricardo Sánchez e outros e ao Departamento de Obras Públicas.

QUINTO.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso de reposición de conformidade co art. 116 da Lei 30/92, no prazo DUN MES, perante o mesmo órgano que o ditou (ao abeiro do disposto polos art. 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común).

Tamén poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, de conformidade cos arts. 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión para os supostos e prazos previstos polo art. 118 da citada lei."

É para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 4 de novembro de 2013.-

Vº e Prace

O alcalde,

Angel Garcia Seoane

